

Proceso selectivo: Inspector principal dos Corpos da Policía Local

Publicación bases e convocatoria: DOG número 82, do 30.04.2025

Publicación nomeamento tribunal: DOG número 137, do 18.07.2025

Resolución 4-2025 do 24 de xullo de 2025 do tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo unitario por promoción interna nos corpos da Policía Local, escala executiva, categoría de inspector/a principal, pola que se lle da publicidade a diversos acordos.

Este Tribunal, na sesión que tivo lugar o día 24 de xullo de 2025,

ACORDOU:

Primeiro.: A vista do escrito presentado polo persoal opositor que realizou o primeiro exercicio de renuncia a presentación de alegacións as cualificacións do primeiro exercicio feitas publicas por este Tribunal con data 23 de xullo de 2025, publicase como anexo I a esta Resolución a listaxe de cualificacións definitivas do primeiro exercicio deste proceso selectivo.

Segundo.: Informar ao persoal opositor que esta proba realizarase o día 30 de xullo as 10:30 horas, na sede da Agasp, e tras a súa realización cun tempo máximo de 60 minutos, procederase a súa lectura en acto público de acordo ao expresado na orde da convocatoria.

Publicase como anexo II a esta Resolución, os criterios e normas específicas que se terán en conta para a realización desta segunda proba, correspondente ao caso práctico.

En Pontevedra, a 24 de xullo de 2025

A Presidenta do Tribunal

Maria Rey Rivera



ANEXO I

LISTAXE DAS CUALIFICACIONES DEFINITIVAS. 1º EXERCICIO

DNI CIFRADO	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN
4****317H	CHAO CABANA, JOSE ANTONIO	7.66
3****217W	PARENTE PAMPIN, DIANA	8.44

ANEXO II

Criterios e normas específicas de corrección da segunda proba (caso práctico)

1. **Precisión:** valorarase o comezo, desenvolvemento e remate de cada un dos aspectos plasmados no enunciado do suposto práctico. Valorarase positivamente a finalización do suposto deixando enfocados todos os puntos enumerados no mesmo.

Ata 2.5 puntos.

2. **Concreción:** valoraranse as referencias legislativas na medida na que o opositor/a faga alusión as mesmas, tanto en forma (mediante nomenclatura correcta da norma, con ou sen data), como no contido (mediante artigos concretos das normas sinaladas); a maior concreción e exactitude, maior valoración dese aspecto.

Ata 4 puntos.

3. **Operatividade:** Valorárase positivamente a descrición da actuación como mando dun Corpo da Policía Local de toda cantidade de labor de organización, xestión, coordinación, toma de decisións, liderado e demais información que se aporte no desenvolvemento do caso práctico.

Ata 2.5 puntos.

4. **Presentación e lectura do suposto:** Tendo en conta o carácter escrito do caso práctico, e as repercusións do traballo policial ao remitir as dilixencias e informes a outros organismos públicos ou privados, será valorada a ortografía, a gramática, a sintaxe, así como a estruturación sempre tendo en conta a complexidade e o tempo de desenvolvemento do suposto.

Ata 1. Punto.

O persoal opositor debe ter en conta que neste apartado 4, que:

- Toda incorrección ortográfica ou gramatical suporá unha resta de 0,10 puntos ata o máximo de 0,75 puntos
- A correcta lectura e dicción do caso práctico realizado, poderá sumar 0.25 puntos.



- O persoal opositor deberá acudir o día de realización do caso práctico con puntualidade, xa que o chamamento será único, portando o documento de identidade que acredite a mesma e non poderá empregar nin portar medios electrónicos de ningún tipo.
- O persoal opositor non debe identificar a proba realizada con marcas ou calquera outra forma que permita a súa identificación, se ocorre esta circunstancia, obterá a cualificación de 0 puntos neste exercicio.
- O caso práctico será cualificado con 0 puntos, se o persoal opositor no seu desenvolvemento propón unha infracción do ordenamento xurídico en calquera aspecto da súa proposta de resolución.

